

LECTURA EN EMOCIÓN (LEE) – CURSO 2019/2020

O traballo desenvólto ten como finalidade despertar o interese do alumnado polo uso da biblioteca infantil ao mesmo tempo que se busca promover o desenvolvemento social, emocional e creativo. Antes da fase de aplicación confeccionouse unha relación de títulos que traballan as emocións, para recoñecelas e aprender a xestionalas. Elaborouse unha ficha-guía para implicar ás familias e para descubrir as distintas emocións que poden aflorar segundo quen o lea, en que momento...

Foi confeccionando un "emocionómetro", a medida que os libros ían rotando entre as familias e empregáronse outros recursos para xestionar as emocións dentro da aula como o “Pano de bágoas”, o “quitamedo”...

Todos os venres na hora do recreo ábrese a biblioteca de infantil para ver ou escoitar un conto procurando non repetir o formato: libro de contos, marionetas, kamishibai, proxección...e completar con algunha actividade. Os libros logo pasan a formar parte do sistema de préstamo que as mestras dirixen un pouco para que todos os alumnos/as leven á casa libros que tocan as emocións traballadas



Despois de ver que o resultado é moi positivo, a fase seguinte sería ir aplicándoo a todos os grupos dos diferentes niveis.

A lista de títulos é a seguinte:

TRISTEZA:

-Negros y Blancos.- Escrito e ilustrado por David McKee. Anaya 2008

Fai moito tempo, todos os elefantes do mundo eran brancos ou negros , e odiábanse entre si. Declaráronse a guerra e durante moito tempo non se volveu ver ningún elefante sobre a Terra. Ata que un día empezaron a verse elefantes grises na selva

- Orelas de bolboreta.- Escrito por Luisa Aguilar e ilustrado por André Neves. Anaya 2008

A mensaxe que transmite este relato é converter en positivo o que para outros pode ser motivo de mofa. Porque recoñecer as diferenzas fainos fortes, aceptándonos como somos e reforzando a nosa personalidade.

-A cebra Camila.- Escrito por Marisa Núñez e ilustrado por Oscar Villán. Kalandraka 2007

Un día cando a pequena cebra saía da casa, o vento levoulle sete raias do seu vestido. Unha araña, unha serpe, o arco da vella e unha cigarra, entre outros, axudarán a Camila a esquecer a súa pena e a solucionar o problema

-No es fácil, pequeña ardilla! Escrito por Elisa Ramos e ilustrado por Rosa Osuna. Kalandraka 2003

Historia dun esquío que á hora de cear bota de menos a súa nai e séntese moi triste. O seu pai intenta explicarlle a ausencia da súa nai pero ela non o entende ...

ENFADO:

-Capitán Calabrote.- Escrito por Alberto Sebastián e ilustrado por Carlos Arbat. Kalandraka 2007

Capitán Calabrote é un terrible pirata, que vivía tranquilamente nunha isla deserta, onde cultivaba unha pequena horta, asaba peixe, paseaba... Ata que un día apareceu un visitante inesperado, outro vello e terrible pirata que espertou nel unha serie de emocións e sentimentos que descoñecía: medo, ledicia, culpabilidade, arrepentimento...

-Petra, la araña furiosa.- Escrito por Tülin Kozikoğlu e ilustrado por Sedat Girgin. Flamboyant 2017

Petra está sempre furiosa, pero é que cada vez que fai unha tea de araña alguén, ¡bum!, destrúea. Por que destrúen as súas teas? E que non as ven?

Neste conto entenderemos que se nos poñemos no lugar dos demais a miúdo acábanse os motivos para enfadarse.

-Los tentáculos de Blef.- Escrito por Teresa Arias e ilustrado por Eva Clemente. Emonautas

Conta a historia dun gran enfado que pillou Blef por non poder utilizar a súa bufanda verde. Axúdanos a entender que el pode expresar o seu enfado pero ten que aprender a controlalo para que non lle faga mal a el mesmo e aos que o rodean

-¡Así fue! ¡No, fue así! ¡ No, así ! Kathrin Schärer. Océano 2011

Ocorre un accidente no xogo entre o oso, o raposo e o teixo, o que os leva a discutir sobre quen e como sucederon realmente as cousas. O feito é o mesmo, as testemuñas

son tres. Cada un ten unha versión diferente ata que chega o esquío que sabe como sucedeu todo. Trátase de pór en valor a amizade, a verdade e a tolerancia

MEDO:

-Gato Guille e os monstruos : Rocío Martínez, Kalandraka 2005

Na casa de Guille óense ruídos estranos e ata a súa propia mamá está asustada. Pero Guille atopa a fórmula para desenmascarar os medos

-UN BICHO EXTRAÑO: Mon Daporta, ilustración: Óscar Villan- Kalandraka 2010.

Este conto, baseado na adiviña e o descubrimento, permite gozar, coñecerse e identificarse cos demais. Mediante a imaxinación e a creatividade van facendo unha representación mental do que lle vai pasando ó noso “bicho”

-CANDO MARTIÑO TIVO GAÑAS DE MEXAR A NOITE DE REIS: Chema Heras, Ilustrador Kiko Dasilva Kalandraka 2007

Particular versión dun neno sobre a noite de Reis. Narración enxeñosa e chea de humor que desvela a inxenuidade e o maxín infantil. É un dos libros preferidos nas bibliotecas dos máis pequenos.

-DONDE VIVEN LOS MONSTRUOS: Texto e ilustración de Maurice Sendak, Kalandraka 2000

Castigado sen cear polas súas travesuras, Max emprende unha viaxe simbólica desde a súa habitación ata un lugar fantástico, atravesando un tempo/espazo mítico e enfrontándose aos seus medos. Alí chegará a converterse en rei dos monstros. Obra considerada como o álbum ilustrado perfecto

ALEGRÍA

-COCODRILO SE ENAMORA: Autora e Ilustradora: Daniela Kulot Faktoría K de libros 2011

Hai uns días que Crocodilo está inquieto. Ás veces ten frío, ás veces ten calor, ás veces está tan contento que lle gustaría abrazar a todo o mundo. Isto pasa porque Crocodilo está namorado. Pero ten un problema

-UNA CASA A MEDIDA: Daniela Kulot, Faktoría K de libros 2007

Os protagonistas deste relato son unha atípica parella de namorados que vencen as dificultades que lles presenta a convivencia. Ensínannos que as diferencias poden superarse coa forza do cariño.

-PEQUEÑO AZUL Y PEQUEÑO AMARILLO: Leo Lionni, Kalandraka 2005

É unha xoia da literatura infantil. Publicado orixinalmente en 1959, foi «rescatado» por Kalandraka en 2005 e en setembro de 2017 viu a la luz a súa undécima edición.

*Narra a historia de dous nenos: **Pequeno Azul** e o seu mellor amigo **Pequeno Amarelo**, que vive na casa de enfronte. Xogan todo o día, van xuntos á escola e pásano xenial xuntos. Son os mellores amigos do mundo. Un día **Pequeno Azul** irá buscar a **Pequeno Amarelo** e custaralle moitísimo atopalo.*

-P DE PAPÁ: Isabel Martins, ilustrado por Bernardo Carbalho, Kalandraka 2010

Os papás poden converterse en grúas e sacarnos dun apuro, en tractores para levarnos ás costas, en ambulancias cando estamos enfermos..Trátase dun álbum ilustrado que nos conta as múltiples facetas do rol de pai

ASCO

-UNA PAREJA DIFERENTE: Daniela Kulot, Faktoría K de libros 2007

Crocodilo e Xirafa namoráronse, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común, que lamentablemente atopouse coa incompreensión dos seus semellantes e padecían as miradas, burlas e rumores dos seus veciños

-LOS CINCO HORRIBLES: Autor e ilustrador: Wolf Eribruch, Juventud 2001

Cinco animais aos que todos os demais consideran horrorosos, deciden facer algo para que os outros animais os vexan con ollos diferentes. Demostrarán que o hábito non fai o monxe. Un libro contra os prexuízos que impón o aspecto físico

-TÍO LOBO: Xosé Ballesteros, ilustrado por Roger Olmos, Kalandraka 2010

Considerado un dos mellores contos publicados no mundo, con tradición en Francia e Italia e adaptado por Xosé Ballesteros. Trata dunha nena moi larpeira que lle pide a súa nai que lle prepare unhas chulas e como non teñen tixola, pídenlla prestada a Tío Lobo. Este, a cambio, pídelles unha ducia de chulas, pan de millo, viño...

-A COUSA QUE MÁIS DOE DO MUNDO: Paco Liván, ilustrador Roger Olmos OQO 2005

A hipótese que formula a lebre, «o que máis doe do mundo é a mentira», ficará demostrada nun relato fantástico e divertido que provocará no lector, ademais dalgunha gargallada, a reflexión e unha resposta emocional.

-LA VOCECITA: Michael Escoiffer, Ilustraciones de Di Giacomo, Kókinos 2012

Perico quere facer caca e agóchase detrás dunha árbore, pero descobre que non hai papel para limparse. Ve un calzón vello colgado dunha rama, úsao e tírao. De pronto unha vociña que se presenta como a súa conciencia ríflle e mándalle que lave esa porcallada.. O que non sabe Perico é e que o suposto calzón...

SORPRESA

-PULGUITA : Eric Battut, Juventud 2004

Despois de estar saltando moitos días por campos e prados, a pulguiña busca un amigo para pasar unha noite ó abrigo. Chega a unha granxa, salta de cabalo á vaca, da cabra ó porco, do porco ó año, do año ó can, co can ó gato ,pero non hai maneira de atopar un sitio tranquilo para pasar a noite, ata que atopa un estraño animal, moi grande, moi caladiño...e tamén unha amiga.

-¿QUÉ HACE UN COCODRILO POR LA NOCHE?: Kathrin Kiss ,Emilio Urberuaga, Kókinos 2011

Pola noite un crocodilo pode facer moitas cousas, pero se é tímido como Coco, balancéase só, silenciosamente no medio do parque . Ata que un día unha nena descóbree e convértense en amigos. Así Coco aprende que hai un tempo para a soidade e outro para a amizade.

-CHOCOLATA: Marisa Núñez , Helga Bansch OQO 2006

Chocolata toma o seu baño diario na lagoa. Un día decátase de que na cidade hai unha casa de baños e decide saír da selva coa intención de probalos. Para non parecer tan salvaxe, merca un chándal e unhas zapatillas deportivas con pequenas luces, disposta a coñecer a vida na cidade

-EL LIBRO NEGRO DE LOS COLORES: Menena Cottin e Rosana Faría, Libros del zorro rojo 2008

A través dunha bonita experiencia sensorial, un neno vai explicando como son as diferentes cores en función da relación que teñen con elementos persoais e da natureza

PRODUTOS FINAIS SIGNIFICATIVOS RELACIONADOS CON LEER

1. PRÉSTAMO

A selección de libros coa que estamos a traballar están diferenciados cunha pegatina da cor correspondente a cada emoción:



2. Cada semana levarán un conto que vai acompañado dunha **FICHA**

 BIBLIOTECA INFANTIL C.E.I.P VALES VILLAMARÍN

NOME: AULA:

TÍTULO:

AUTOR:

ILUSTRADOR:

EMOCIÓMETRO: QUE EMOCIONS SENTICHES CON ESTE CONTO?. PON UNHA CRUZ NA EMOCIÓN QUE CORRESPONDA

.....

ALEGRIA	TRISTEZA	ENFADO	MIEDO	SORPRESA	ASCO
					

GUSTOUCHE ESTE CONTO A TÍ E A TUA FAMILIA?

GUSTARÍACHE VOLVER LÉLO?

RECOMENDARÍALLE ESTE LIBRO A

para cumprimentar coa axuda da familia e que



pasa a formar parte do **EMOCIONÓMETRO**

ELABORACIÓN DOUTROS OBXECTOS DE AXUDA PARA CONTROLAR AS EMOCIÓN

MEDO: Pulverizador quitamedos
PENA.- Pano de lágrimas
ENFADO.- Capa da calma
Terán acceso a eles segundo a reacción que lles causa a escoita do conto, pero pouco a pouco deixarase que o fagan tamén noutras situacións.



ELABORACIÓN DUN ARQUIVO DE CADA EMOCIÓN:

Cada neno/a completa a frase: Eu teño medo cando.....

Eu estou alegre cando.....



MURAI S PARA DECORAR A BIBLIOTECA



Responsables e colaboradoras ER Infantil (LEE)